



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

XI CONCURSO DE TAPAS DA POBRA DO BROLLÓN

BASES:

PARTICIPANTES:

O Concello da Pobra do Brollón organiza o “**XI Concurso de Tapas da Pobra do Brollón**”.

Poderán concursar todos os establecementos de hostalería, e bares dentro do ámbito local da Pobra do Brollón. Este ano concursan os seguintes establecementos:

- A SALANOVA (Salcedo)
- CANTINA DE JULIA (Salcedo)
- LA VIEJA TABERNA
- AVENIDA
- O PIRATA
- O FOGÓN (Cereixa)
- 1º DE MAIO

DATA:

Do **29 de novembro ao 6 de Decembro**, ambos inclusive.

MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN:

- A. Cada establecemento participará **cunha única tapa**, que puntuará o xurado Popular.
- B. O prezo de venta ao público da tapa será de **1,50 €**, sendo obrigado unha consumición de bebida con cada tapa.
- C. Os establecementos inscritos deberán ter expedido ao público o cartel que se lle facilite co nome da tapa coa que participan. Sempre có cliente pida a tapa do Concurso será a que ten exposta, o incumprimento deste punto, suporá a descalificación do mesmo.
- D. O **horario mínimo** a seguir é: **12:00 h a 14:00 h e de 19:00 h a 22:00 h**, neste horario é obrigatorio ter as tapas, despois si se quere pódese ampliar e ten que estar exposto nun lugar visible para ó público.
- E. Este ano, valorarase a promoción dos viños da Ribeira Sacra, non é obrigatorio pero terase en conta na decisión do premio.
- F. Entregaráselle a cada establecemento un cartel identificativo como participante do concurso, así como a urna de depósito de votos e xunto a ela os cupóns de votacións (onde repartirán un cupón por persoa que consuma a tapa).

XURADOS:

Xurado popular: Estarán dentro desta categoría todos os consumidores das tapas do Concurso, mediante as súas votacións. Cada cupón de votación terá que ter todos os recadros selados dependendo do número de locais participantes, onde non se pode repetir selo do establecemento no mesmo cupón.

Serán descalificadas as cartolinas que non teñan todos os seus datos ben cubertos e as que non aparezan seladas correctamente.

SELECCIÓN DE FINALISTAS DO XURADO POPULAR:

Os gañadores do XI Concurso de Tapas da Pobra do Brollón decidiraos o público coa súa puntuación, resultando gañador o establecemento que máis puntos acade, en caso de empate o gañador decidírase mediante sorteo.

Entre os que votaran a tapa gañadora sortearase un agasallo, que consistirá nun *circuito termal e unha noite para dúas persoas* no *Hotel Oca Augas Santas Balneario & Golf Resort ***** de Ferreira de Pantón.

PREMIOS:

Tapa:

Primeiro premio: Trofeo e diploma acreditativo

Segundo premio: Trofeo e diploma acreditativo

Terceiro premio: Trofeo e diploma acreditativo

ENTREGA DE PREMIOS:

Os gañadores do XI Concurso de Tapas da Pobra do Brollón daranse a coñecer o día 5 de xaneiro de 2020 na Casa da Cultura “Olga Novo” dentro dos actos dos Reis, así como o consumidor de tapas gañador, que recibirá o correspondente agasallo.